



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE DECEMBRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa dona Leonor Fernández Grande e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de decembro de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- R.P. 2017/39381 do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproban as bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 236, do 14 de decembro de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución do 1 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Función Pública, Ministerio de Hacienda y Función Pública, pola que se establece a efectos de cálculos de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2018 (Boletín Oficial do Estado número 306, do 18 de decembro de 2017).

- Convenio de colaboración entre a excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Cambre para financiar a II romaría galaico romana, asinado o día 13 de decembro de 2017, polo que se concede unha subvención de 28.751,25 euros, correspondente ao 80% do orzamento.

3º. Expedientes de contratación

3º.1 Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa *Pinturas Gonzalez Iglesias S.L.*, adxudicataria do contrato menor para o pintado de diversos espazos en varios colexios municipais. Expte: 2017/C002/000034

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 10 de outubro actual, acordou adxudicar o contrato menor para o pintado de diversos espazos en varios colexios municipais, no prezo ofertado de 22.591,43 euros (IVE incluído), á empresa “Pinturas González Iglesias S.L.”.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria “Pinturas González Iglesias, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 22 de novembro de 2017 e rexistrado co número 201799900000337.

Visto o informe favorable, rexistrado coa data 22 de novembro de 2017, ao número 201799900000341, emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández (da empresa “Gallega de Cordinaciones, S.L.”), designado como coordinador de seguridade e saúde da obra por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 10 de outubro de 2017, isto segundo expediente de contratación menor 2017/C002/000034.

Visto o informe favorable asinado coa data do 7 de decembro de 2017 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, director da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción,

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 13 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Pinturas González Iglesias, S.L.” con data do 22 de novembro de 2017 e nº de rexistro de Entrada 201799900000337, para a execución da obra de pintado de diversos espazos en varios colexios municipais (Expte: 2017/C002/000034).

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria e máis ao coordinador de seguridade e saúde, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, director da obra, así como ao departamento de intervención e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 14 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade número 2188/2017 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente número 2256/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2188/2017	07/12/2017	Aprobación de admitidos na XXVI Semana Micolóxica de Cambre 2017
2189/2017	07/12/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		reparos da Intervención por importe total de 4.658,50 euros
2190/2017	07/12/2017	Outorgamento á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." do prazo de presentación da documentación previa á adxudicación da obra "Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017
2191/2017	07/12/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de decembro de 2017
2192/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JBMR
2193/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de LMM
2194/2017	11/12/2017	Desestimento axuda aluguer de SSM
2195/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de MPAC
2196/2017	11/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 11/2017. Investimentos Protección civil por un importe total de 970,81 euros
2197/2017	11/12/2017	Corrección erro Resolución nº 1925/2017 de data 30 de outubro Expediente decreto: AI-sigm nº 2017/G003/002090
2198/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de GCR
2199/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de AAV
2200/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de DAM
2201/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de FJML
2202/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de XGM
2203/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JML
2204/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de AGG
2205/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JCNJ
2206/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de LMDG
2207/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio de LGG
2208/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JGG
2209/2017	11/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de VIR
2210/2017	11/12/2017	Aprobación liquidacións actividades deportivas mes de novembro
2211/2017	11/12/2017	Cobro actividades extraescolares do curso 2017/18-1º trimestre
2212/2017	11/12/2017	Apertura dunha conta polo concello en abanca para a xestión do cobro dos recibos da auga e o sumidoiro
2213/2017	11/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 12/2017. Gastos correntes área de gasto 1, por un importe total de 40.000,00 euros
2214/2017	11/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 13/2017. Investimentos deportivos, por un importe total de 6.858,02 euros
2215/2017	11/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 9/2017, á razón comercial GNC, S.A.
2216/2017	11/12/2017	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2017



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2217/2017	11/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 11/2017, á razón comercial EBC S.L.
2218/2017	11/12/2017	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14 de decembro de 2017
2219/2017	12/12/2017	Conceder a axuda alimentación por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: TMP
2220/2017	12/12/2017	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MI
2221/2017	12/12/2017	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 ao non cumprir pos requisitos esixidos no artigo 2. Solicitante: CCC
2222/2017	12/12/2017	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: AJUM
2223/2017	12/12/2017	Declaración de ruína da edificación sita en Sigrás de Abaixo, titular CMM
2224/2017	12/12/2017	Autorización a dona MFG titular da licenza de taxi nº13, para que preste o servizo de taxi como condutor asalariado don PGP e baixa como condutor de CAS
2225/2017	13/12/2017	Conceder a axuda para cinco recibos de luz por importe total de 196,67 euros. Solicitante: IMEM
2226/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de YZGC
2227/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JGG
2228/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de ALS
2229/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de ABI
2230/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de ODV
2231/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de ANG
2232/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 10/2017, á razón comercial CGYE S.A.
2233/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de ESB
2234/2017	13/12/2017	Resolución definitiva expediente baixa de oficio de JCLG
2235/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 12/2017, á razón comercial IE E S.A.U.
2236/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 13/2017, á razón comercial AE S.L.
2237/2017	13/12/2017	Aprobación de gratificacións aos clubs participantes no XXXIII torneo de chave Concello de Cambre 2017
2238/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 14/2017, á razón comercial AI S.L.
2239/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 15/2017, á razón comercial CE,S.L.
2240/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 17/2017, á razón

		comercial I 3000, S.L.
2241/2017	13/12/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 16/2017, á razón comercial SE S.C.C.L
2242/2017	13/12/2017	Expediente de xeración de crédito núm. 14/2017. Traslado e mellora Parque Infantil José Luís Caso Cortines, PAS adic. 1/2015.
2243/2017	13/12/2017	Declaración de desestamento a licenza de parcelacion solicitada por DPR para a finca sita en Arrigada, Cambre. exp. 2017/u018/15
2244/2017	14/12/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 90.239,64 euros
2245/2017	14/12/2017	Liquidación prezos públicos XXVI Xornadas Micolóxicas de Cambre 2017
2246/2017	14/12/2017	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde dona Leonor Fernández Grande, dende o día 23 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018, ambos os dous incluídos
2247/2017	14/12/2017	Denegar o recibo auga por superar o saldo medio de aforro Solicitante: MCRP
2248/2017	14/12/2017	Denegar a axuda recibo auga por superarse a contía máxima anual por unidade familiar para recibos de auga. Solicitante: SBB
2249/2017	14/12/2017	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: JMR
2250/2017	14/12/2017	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros e axuda 3 recibos de luz por importes de 42,79, 55,84 e 50,39 euros. Solicitante: MMRR
2251/2017	14/12/2017	Denegar o recibo de auga por superar o importe máximo de axudas por ano e por unidade familiar. Solicitante: MGJ
2252/2017	14/12/2017	Renuncia recibos de auga de JMR
2253/2017	14/12/2017	Renuncia recibo luz de MMRR
2254/2017	14/12/2017	Campaña de Nadal 2017
2255/2017	14/12/2017	Conceder a licenza de primeira utilización para a vivenda unifamiliar sita no lugar da Cabana, parroquia de Anceis, con licenza de obra nº 2015/U008/000030. Solicitante: M ^a CAL
2256/2017	14/12/2017	Conceder a licenza de primeira utilización para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Pombo, parroquia de Pravio, con licenza de obra nº 2016/U022/10. Solicitante: JAFR

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Acudiu acompañado do concelleiro Ramón Boga á sinatura dun convenio coa Deputación provincial da Coruña para o desenvolvemento da Romaría Galaicoi 2018.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Visitou o Belén Vivinte de Bribes.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 13, convocatoria da Deputación para poñer en marcha o proxecto Compartimos Plan, plan de acción das políticas de igualdade de xénero na provincia da Coruña.
- Día 14, consello escolar escola infantil do Temple e consello escolar escola infantil da Barcala. Consello intercentros escolas infantís.
- Día 17, belén vivente de Bribes.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- App Omix Cambre: descargas, 2.133; total visitas, 32.532.
- Casa da Xuventude:
- Programa "Por fin é venres":
- venres 22, obradoiro musical impartido polos propios usuarios.
- "kdadas": comezou o martes 26 e rematan o venres día 5 de xaneiro.

Haberá talleres de arranxo de mobles, baile callexeiro, festa prefin de ano, obradoiro de pulseiras, etc.

- correspondentes xuvenís: o mércores día 20 de decembro comeza o prazo para apuntarse

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia